



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación de Acordeón

Curso 2018-19

ÍNDICE

-Introdución o grao elemental. Páxina 3

Grao elemental: obxectivos. Páxina 3

Secuenciación por cursos. Páxina 4

-Introdución o grao profesional. Páxina 26

Grao profesional: obxectivos. Páxina 26

Secuenciación por cursos. Páxina 27

-Atención á diversidade. Páxina 64

-Metodoloxía. Páxina 64

-Temas transversais. Páxina 65

Educación en valores.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación , TIC`S.

-Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento. Páxina 65

-Actividades culturais e de promoción das ensinanzas. Páxina 66

-Procedementos de avaliación e seguimento da programación. Páxina 67

-Probas de acceso. Páxina 68

-Premios fin de grao. Páxina 77

INTRODUCCIÓN Ó GRAO ELEMENTAL

Para o estudo do acordeón, é imprescindible dispoñer dun instrumento de calidade, adecuado á anatomía do alumno. É conveniente comezar cun acordeón convertible, é dicir con planta libres ou basettí e baixos padrón na botoeira esquerda, xa que a proba de acceso a grao medio así o require.

O estudo na casa é fundamental para o avance sobre o programa do curso.

Aconséllase 1 hora de estudo diaria como mínimo debendo manter durante o período de traballo fóra do Conservatorio unha actitude esixente cun mesmo e seguindo as indicacións dadas en clase polo profesor.

Convén coidar con mimo o acordeón seguindo as instrucións do fabricante no referente a evitar golpes, evitar os cambios de temperatura substanciais, meses de rodaxe do instrumento, transporte...

GRAO ELEMENTAL

Obxectivos:

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento que permita o control dos elementos anatómicos funcionais que interveñen en relación do conxunto "Corpo-instrumento", buscando unha natural adaptación-funcional do instrumento.
- Coñecer os elementos fisionómicos musculares e articulatorios.
- Controlar a produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Desenvolver a práctica en grupo.
- Buscar unha adaptación anatómico-funcional de forma natural proseguindo coas disciplinas iniciadas.
- Lograr independencia das manualidades que interveñen directamente na interpelación.
- Obter o máximo criterio auditivo individualizado posible capaz de distinguir os sons que realiza indistintamente cada manual.
- Empezar a digitar partituras de forma lóxica, coherente e de forma natural.
- Ampliar coñecementos sobre as capacidades sonoras do instrumento.
- Depurar o estilo de interpretación, afianzar un repertorio variado.
- Fomentar diversos recursos de estudo controlado.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel como solista e en grupo.

GRAO ELEMENTAL

Acordeón 1º Curso.

Objetivos:

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento que permita o control dos elementos anatómicos funcionais que interveñen en relación do conxunto "Corpo-instrumento".
- Coñecer os elementos fisionómicos musculares e articulatorios.
- Controlar a produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Desenvolver a práctica en grupo.

Contidos:

- Control da posición do alumno diante do instrumento: pés, mans, costas brazos, maneira de sentarse, relaxación de todos os membros que interveñan para a produción do son.
- Estudo da dinámica sonora, crescendos e decrecendo.
- Estudo do sistema de escritura e grafías empregadas polo instrumento.
- Ataque e comezo do son mediante pulsación dixital.
- Extinción ou cesamento do son mediante pulsación dixital.
- Desenvolvemento paralelo para coordinar movementos dos dedos sobre ambas manuais.
- Estudo de paso de dedos.
- Estudo do fol, regularidade dinámica.
- Estudo dos rexistros: 4' 8' 16'.
- Aprendizaxe do ligado e staccato.
- Práctica a primeira vista.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Comezo á estrutura musical.

Metodoloxía:

- Comezarse coa elección do instrumento adecuado a cada alumno, sempre instrumento de ordenanzas con sistema convertor.
- Seguirán as explicacións propias sobre a correcta colocación do instrumento e a función que desempeñan tanto as mans como os brazos para a execución.
- Faranse exercicios para traballar ambas mans e o movemento do fol.
- Inculcarase ao alumno a máxima motivación para o instrumento
- escollido, facéndoo consciente da importancia do estudo persoal para lograr unha

rápida asimilación dos conceptos explicados nas clases.

- Fomentárase o hábito de escoitar o instrumento en audicións, concertos e gravacións como medio para desenvolver a capacidade auditiva e escoitar calidades propias do son do acordeón desenvolvéndolle un vínculo constante co instrumento.
- Cando o alumno sexa capaz de producir sons limpos fomentárase o traballo da práctica de conxunto, desenvolvéndolles as capacidades básicas do que facer musical, así como a coordinación rítmica e melódica a escoita do compañeiro e o traballo en equipo.

Secuenciación:

- Prevese que os obxectivos e contidos complétense ao longo dun curso escolar repartindo a materia proporcionalmente, en tres períodos de seguimento trimestral.
- Durante o primeiro trimestre o alumno toma o contacto físico co instrumento, acomódase a el e viceversa, aportándolle bases para habituarse na colocación do mesmo e indicarlle os puntos esenciais para o seu manexo e suxeición.
- Darase paso á admisión e produción do son mediante explicacións previas, observándose a eficacia coa que son capaces de asimilalas. Propoñéndose sempre exercicios propios para este comezo. Terminarase o trimestre polo menos algún fragmento de tipo homofónico e harmónico.
- segundo trimestre, estará adicado á correcta colocación e postura do instrumento, e á lectura e comprensión dos símbolos e notacións musicais elementais e básicas. Prevese polo o estudo de tres obras, de diferentes compases e estilos.
- terceiro trimestre ten case carácter global de todo o curso, afianzando, comprendendo e asimilando correctamente todas as bases asentadas a partir do seu comezo aumentando o nivel. Aseguránsense as pasaxes con máis dificultade, revisaranse as articulacións en función do fraseo.
- Ao longo do curso desenvolveranse audicións, asistencia a concertos, proxección de vídeos, discografía variada, organoloxía, historia do acordeón, etc.

Criterios de avaliación:

- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- A interpretación de memoria de polo menos un texto musical.
- A solvencia de lectura a primeira vista.
- Interpretar en público como solista obras representativas do seu nivel.

Criterios de cuantificación e calibración

-Criterios técnicos:

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno etc...**40%**.

-Criterios estéticos:

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación..etc... **40 %**.

-Criterios actitudinais:

Actitude, interese, comportamento...etc.. **20%**.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

Repertorio Orientativo 1º Curso:

· Métodos:

Acordeón divertido Ricardo Llanos

Método para acordeón (1-70) Cambieri

Exercicios técnicos Femand Lacroix

Exercicios cromáticos Editorial Hohner

· Obras:

Il micio e paoletta L. Ravasio

Tornano le rondinelle L. Ravasio

Muñogirrien bertsoak B. Lertxundi

Farregurena A. Furundarena

Mi tierpark R. Bui

Volkstanz M. Rantanen

Valssi suomusjärvelta M. Rantanen

Estudio 32 M. Rantanen

Mon bateau blanc M. Rantanen

Menuet nº1 J. Guilhamat

4 piezas: M. Dumhka

Tchounette T. Fallone

Kreine-Spíe H. Reinbothe

Pequenas pezas G. Espitalier

- Kleíne Troika

- Der Frosch

- Schneck mí Haus

- Laterne
- Die drescher
- Ziehe durch
- Nebel
- Rumpelstielzchen
- Nun wollen wir singer
- Eia, peia, wiegenstrot
- Vogelfutter
- Summ, summ, summ
- Guten morgen, ger Bäcker
- Uns're katz
- Der ku chuch
- Grün grün
- Rühre Löffel
- Bruder Jakob
- Tratic hente von die Türe
- Hampelmann
- Es führt über den main
- Hans spielmann
- Ach, du lieben luftballan
- Sitzt'en Frau

Mínimos esixibles.

15 estudos e 6 obras das programadas no curso.

Procedementos de avaliación

Nos Graos elemental e profesional, os profesores evalúan aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación: Avaliación puntual. O profesor poderá realizar exames mensuais, trimestrais ou con calquera outra periodicidade como ferramenta de avaliación. Se valorará o rendemento do alumno así como a calidade e cantidade de traballo presentada.

Audicións. O profesor valorará o comportamento do alumno nas audicións ou concertos programados polo departamento.

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenrolo da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva, para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais.

Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas, as inferiores a 5.

Perda da avaliación continua

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e polo tanto a asistencia regular ás clases. A comisión de coordinación pedagóxica acordou que o número máximo de faltas sen xustificar serán de catro clases na asignatura de acordeón, que levará á perda do dereito a avaliación continua.

Os alumnos que perdan dito dereito, terán que someterse a un exame, ao que será convocado polo profesor. Consistira nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

O alumno deberá interpretar o programa esixido dende o momento no que perdeu o dereito a avaliación continua.

Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.

No caso de que o alumno non tocara en público o número de veces esixidos na programación, o fará diante de quen o profesor estime oportuno.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre non superado.

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias de setembro.

Probas extraordinarias de setembro

A proba extraordinaria de setembro consistirá:

Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos.

Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados no curso.

Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran para os tres trimestres do curso correspondente. (Consultar programación)

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

Criterios para a ampliación de matrícula

Para que un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No Departamento de tecla, os profesores tutores, informarán os demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado referido a perda da avaliación continua. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

GRAO ELEMENTAL

Acordeón 2º Curso

Obxectivos:

- Buscar unha adaptación anatómico-funcional de forma natural proseguindo coas disciplinas iniciadas.
- Lograr certa independencia das manualidades que interveñen directamente na interpretación
- Obter o máximo criterio auditivo individualizado posible capaz de distinguir os sons que realiza indistintamente cada manual.
- Empezar a digitar partituras de forma lóxica, coherente e de forma natural.

Contidos:

- .Estudo do sistema de escritura e grafías empregadas polo instrumento.
- Estudo da produción e cesamento do son: dixital e de fol.
- Estudo das dinámicas, control do son.
- Desenvolvemento paralelo para coordinar movementos de dedos sobre ambas manuais. Independencia de dedos.

- Ampliar coñecementos de rexistración.
- Aprendizaxe do ligado e do picado.
- Estudo do movemento da man nas manuais. Dedos duros.
- Dixitación de pequenos fragmentos.
- Adestramento da memoria baixo a comprensión da estrutura musical da obra.
- Estudo das posibilidades do fol: emprego de respiración, regularidade dinámica, ataques, esforzandos...
- Interpretación de texturas melódicas ao unísono e polifónicas.
- Lectura a primeira vista.
- Selección progresiva de exercicios, estudos e obras de repertorio acordeonístico.
- Práctica en conxunto.

Metodoloxía:

- Vixiarase constantemente a posición correcta do instrumento, evitando en todo momento as tensións propias a que puidese dar lugar.
- Traballarase a calidade do son do instrumento para conseguir unha expresión musical acorde ás esixencias do curso.
- Traballarase a través da técnica a coordinación entre os dúas manuais.
- Traballarase os estudos de mecanismo e escalas intentando que en todo momento a técnica sexa complemento dos estudos, facilitando así o labor da aprendizaxe e mellorando os defectos que poidan xurdir dunha desaxeitada articulación do fol, da pulsación e a coordinación de movementos para producir o son.
- Estudaranse diferentes combinacións rítmicas para fomentar a independencia de mans.
- Exercitarase a memoria mediante a comprensión da obra analizándoa harmónica e melodicamente.
- Fomentarse o traballo de conxunto formándose diferentes agrupacións co fin de potenciar a relación afectiva entre alumnos.
- Fomentarse o hábito de escoitar o instrumento en audicións, concertos e gravacións de audio e vídeo a fin de desenvolver a capacidade auditiva e escoitar calidades propias do son do acordeón.

Secuenciación:

- Prevese que os obxectivos e contidos complétense ao longo dun curso escolar repartindo a materia proporcionalmente, en tres períodos de seguimento

trimestral.

- primeiro trimestre servirá para revisar e persistir sobre a colocación e posición do instrumento, de fortalecer o establecido no curso anterior e de aumentar provisionalmente o nivel técnico e interpretativo. Para iso empregaranse exercicios técnicos, estudo de obras e exercicios centrados en traballar problemas que xurdan no alumno.
- Darase paso á admisión e produción do son mediante explicacións previas, observándose a eficacia coa que son capaces de asimilalas. Proponiéndose sempre exercicios propios para este comezo. Terminarase o trimestre polo menos algún fragmento de tipo homofónico e harmónico.
- segundo trimestre, estará dedicado a incrementar as habilidades técnicas no alumno. Traballarase a análise da partitura para ser capaces de mellorar a interpretación e facilitar a memorización.
- terceiro trimestre globalizarase todo o exposto durante o curso asegurando na medida do posible a eficacia dos recursos adquiridos grazas á constancia, tenacidade e predisposición do alumno. Ampliarase o desenvolvemento técnico, interpretativo e musical, afrontando obras de maior envergadura
- Ao longo do curso desenvolveranse audicións, asistencia a concertos, proxección de vídeos, discografía variada, e traballarase a organoloxía, historia do acordeón, etc.

Criterios de Avaliación:

- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- A Interpretación de memoria e diante do público como solista obras representativas do seu nivel.
- A fluidez de lectura a vista e a súa comprensión estrutural.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade necesaria para integrarse.

Criterios de cuantificación e calibración

-Criterios técnicos:

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno etc...**40%**.

-Criterios estéticos:

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación..etc... **40 %**.

-Criterios actitudinais:

Actitude, interese, comportamento...etc.. **20%**.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

Repertorio Orientativo 2º Curso:

· Métodos:

Acordeón divertido Ricardo Llanos

Polyphones spielbuch (vol 1º) Horst-Hesse

Método para acordeón (71-161) Cambieri

Ejercicios cromáticos Editorial Hohner

· Obras:

Le soleil brille Yves Apparailly

Fresco ruscello L. Ravasio

Danube Waves J. Ivanovici

Jota vasca nº 1 Popular

Seis pequeños preludios J. P. Kellners

Etude nº1 R. Bui

Pequeñas transcripciones W. A. Mozart

Impromptu J. Draeger

Cuentos (La serpiente pitón) J. C. Cárcamo

Cuentos (El emperador rasta) J. C. Cárcamo

Cuentos (Xarmanta la princesa) J. C. Cárcamo

Cuentos (El gato burlón) J. C. Cárcamo

Cuentos (Txefo el gigante) J. C. Cárcamo

Cuentos (La cola del perro) J. C. Cárcamo

Cuentos (Los soldados de urdaibai) J. C. Cárcamo

Cuentos (El duende de Lázaro) J. C. Cárcamo

Cuentos (Las brujas) J. C. Cárcamo

Banda rompetimpani V. Melocchi

Danza eslava A. Dvorak

Mínimos esixibles.

15 estudos e 6 obras das programadas no curso.

Procedementos de avaliación

Nos Graos elemental e profesional, os profesores evalúan aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no

currículo.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación:

Avaliación puntual. O profesor podrá realizar exámes mensuais, trimestrais ou con calquera outra periodicidade como ferramenta de avaliación. Se valorará o rendemento do alumno así como a calidade e cantidade de traballo presentada.

Audicions. O profesor valorará o comportamento do alumno nas audicions ou concertos programados polo departamento.

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenrolo da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva, para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais.

Consedéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas, as inferiores a 5.

Perda da avaliación continua

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e polo tanto a asistencia regular ás clases.

A comisión de coordinación pedagóxica acordou que o número máximo de faltas sen xustificar serán de catro clases na asignatura de acordeón, que levará á perda do dereito a avaliación continua.

Os alumnos que perdan dito dereito, terán que someterse a un exame, ao que será convocado polo profesor. Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

O alumno deberá interpretar o programa esixido dende o momento no que perdeu o dereito a avaliación continua.

Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.

No caso de que o alumno non tocara en público o número de veces esixidos na programación, o fará diante de quen o profesor estime oportuno.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre non superado.

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias de setembro.

Probas extraordinarias de setembro

A proba extraordinaria de setembro consistirá:

Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos.

Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxetivos programados no curso.

Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran para os tres trimestres do curso correspondente. (Consultar programación)

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha calificación positiva no curso superior.

Criterios para a ampliación de matrícula

Para que un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias.

No Departamento de Tecla, os profesores titores, informarán os demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado referido a perda da avaliación continua. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

GRAO ELEMENTAL

Acordeón 3º Curso

Obxectivos:

- Proseguir con obxectivos iniciados en cursos pasados.
- Buscar unha natural adaptación-funcional do instrumento.
- Desenvolver e perfeccionar unha maior e mellor coordinación manual
- Ampliar coñecementos sobre as capacidades sonoras do instrumento.
- Depurar o estilo de interpretación, afianzar un repertorio variado.

- Fomentar diversos recursos de estudo controlado.

Contidos:

- Coordinación dos diversos elementos anatómico-funcionais.
- Utilización da dinámica.
- Ampliar coñecementos de registración e combinacións de voces.
- Control do son, ataques e cesamentos de son.
- Independencia de mans e dedos.
- Aprendizaxe de articulacións dixitais e de fol: bellows shake.
- Comezo a dúas voces nunha mesma man.
- Dixitación de pequenos fragmentos.
- Adestramento da memoria, a través da estrutura musical.
- Independencia de mans e dedos.
- Estudo das posibilidades do fol: acentos e esforzandos.
- Selección progresiva no que fai ao grao de dificultade dos exercicios, estudos e obras de repertorio acordeonístico.
- Práctica de conxunto.

Metodoloxía:

- Proseguirase coa vixilancia da postura e posición do instrumento evitándose sempre toda tensión.
- Traballarase o estudo de escalas, arpechos e diversos mecanismos técnicos apropiados ao nivel, estimados polo profesor e axeitados ao alumno segundo a súa evolución, para consolidar unha habilidade técnica máis sutil e perfeccionada, e a súa destreza diante da música.
- Seguirase afianzando a calidade do son, facendo fincapé sobre a musculación e flexibilidade do brazo esquerdo, e a coordinación manual.
- Estudarase máis a fondo as registracións e as súas combinacións sonoras explicando para que sirvan a grosso modo e a súa importancia nunha interpretación ben como solista ou como acompañante.
- Proseguirase co estudo rítmico, para asentir bases propias dos diferentes estilos, clásicos, polifónicos, populares, e un pouco de literatura orixinal para acordeón adentrándonos un pouco no contemporáneo.
- Mediante a comprensión da obra, analizándoa a partir dos seus respectivos fragmentos, frases, períodos, a asimilación da tonalidade e a harmonía funcional sei períodos a memoria

- Fomentárase o hábito de escoitar o instrumento en audición, concertos e gravacións de audio e vídeo como medio para desenvolver a capacidade auditiva e escoitar calidades propias do son do acordeón.
- Fomentárase o traballo de conxunto formándose diferentes agrupacións co fin de potenciar a relación afectiva do alumno cos seus compañeiros e coa propia música, sendo estímulo para o desenvolvemento potencial do instrumento.

Secuenciación:

- Prevese que os obxectivos e contidos complétense ao longo dun curso escolar repartindo a materia proporcionalmente, en tres períodos de seguimento trimestral.
- No primeiro trimestre repasarase todo o concenrente ás técnicas básicas da aprendizaxe do instrumento facendo sempre fincapé na colocación e posición do instrumentista, de forma natural e sinxela, controlando e caracterizando en todo momento as tensións que poidan producirse en prexuízo da arte musical. Consolidarase a acción do brazo esquerdo en beneficio da frase musical, e a coordinación de ambas manuais. Prepararase un repertorio acorde ao alumno, estudándose un mínimo de tres obras, intentando que polo menos unha delas sexa orixinal de acordeón, abarcando por suposto outras de gran interese musical. Participación na práctica do conxunto.
- Para o segundo trimestre se expoñerán diversas tarefas de carácter técnico con vista a unha maior e mellor evolución dos dedos (pasos de dedos, saltos, cambios de disposición). Elaborarase un repertorio acorde co alumno, e esixencias do nivel en que está, completando o estudo de ao menos tres obras, unha polo menos orixinal para o instrumento e outras de gran interese musical, coa memorización dunha delas. Proliferará na práctica de conxunto.
- No terceiro trimestre afianzarase todo o explicado durante o curso, afondando máis profundamente na calidade e produción do son, en personalizar o estilo e depurar as pasaxes máis conflitivos. Aumentarase o repertorio acordeonístico en tres obras máis como mínimo, do mesmo carácter que o anterior trimestre, profundizando cada vez máis sobre o contexto musical. Proseguirá na práctica de conxunto.
- Ao longo do curso desenvólvesense audicións, asistencia a concertos, proxección de vídeos, discografía varia e incluso audiovisuais de carácter bibliográfico e histórico do acordeón. (Organoloxía, compositores, literatura para o instrumento

orixinal clásica e de variedades...).

Criterios de Avaliación:

- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- A Interpretación de memoria e diante do público como solista obras representativas do seu nivel.
- A fluidez de lectura a vista e a súa comprensión estrutural.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade necesaria para integrarse.
- Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos.

Criterios de cuantificación e calibración

-Criterios técnicos:

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno etc...**40%**.

-Criterios estéticos:

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación..etc... **40 %**.

-Criterios actitudinais:

Actitude, interese, comportamento...etc.. **20%**.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

Repertorio Orientativo 3º Curso:

· Métodos:

Polyphones spielbuch (vol 2) Horst-Hesse

Ejercicios cromáticos Editorial Hohner

· Obras:

Cuaderno de Anna Magdalena Bach J. S. Bach

Sentimientos J. C. Cárcamo

Cuentos (La leyenda de los dioses) J. C. Cárcamo

Vals folclórico J. Draeger

Danza holandesa J. Draeger

Kinkiri-kunkuru Popular

Taget L. Holm

Sonarinas M. Clementi

Klein Tanze G. Ketzscher

The shaggy dog blues P. Hughes

Blue note blues P. Hughes
Le serpent P. Busseuil
La guêpe P. Busseuil
Burlesque J.Draeger
Scherzo J.Draeger
Allerlei T. Lundquist
Zalantzak G. Hermosa
Ametsen Balade G. Hermosa
Tango fantasiatxo G. Hermosa
Amaia Aranguren G. Hermosa
Western H. Wessman
Sogni colorati W. Bveltrami
Jota nº1 Popular
Sonarine Pleyel
Etude nº 3 R. Bui
Romance C. Camilleri
Weite Landschaft K. Schwaen
Ouverture elementaire J. Draeger
Springtauz K. Schwaen
Moderato G. Kneip
Menuet J. P. Rameau
Die clown P. Kabalevskij
Kleine suite W. Merkuschin
Pinocchios Abenteuen V. Leimert
Suite para niños nº1 B. Precz
Militarorkester pa torvet T. Pedersen

Mínimos esixibles.

15 estudos e 6 obras das programadas no curso.

Procedementos de avaliación

Nos Graos elemental e profesional, os profesores evalúan aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e

actitude.

Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación:

Avaliación puntual. O profesor podrá realizar exámes mensuais, trimestrais ou con calquera outra periodicidade como ferramenta de avaliación. Se valorará o rendemento do alumno así como a calidade e cantidade de traballo presentada.

Audicions. O profesor valorará o comportamento do alumno nas audicions ou concertos programados polo departamento.

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenrolo da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva, para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais.

Consedéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas, as inferiores a 5.

Perda da avaliación continua

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e polo tanto a asistencia regular ás clases.

A comisión de coordinación pedagóxica acordou que o número máximo de faltas sen xustificar serán de catro clases na asignatura de acordeón, que levará á perda do dereito a avaliación continua.

Os alumnos que perdan dito dereito, terán que someterse a un exame, ao que será convocado polo profesor. Consistira nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

O alumno deberá interpretar o programa esixido dende o momento no que perdeu o dereito a avaliación continua.

Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.

No caso de que o alumno non tocara en público o número de veces esixidos na programación, o fará diante de quen o profesor estime oportuno.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación trimestrais:

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre non superado.

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias de setembro.

Probas extraordinarias de setembro

A proba extraordinaria de setembro consistirá:

Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos.

Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxetivos programados no curso.

Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran para os tres trimestres do curso correspondente. (Consultar programación)

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

Criterios para a ampliación de matrícula

Para que un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias.

No Departamento de Tecla, os profesores tutores, informarán os demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado referido a perda da avaliación continua. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

GRAO ELEMENTAL

Acordeón 4º Curso

Obxectivos:

- Dispoñer dunha correcta colocación do instrumento.
- Consolidar as distintas posibilidades sonoras, utilizándoas dentro das
- Esixencias do nivel
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel como solista e en grupo.
- Controlar con fluidez, os diferentes elementos articulatorios.
- Autocontrolar a produción e calidade do son.

Contidos:

- Coordinación dos diversos elementos anatómico-funcionais.
- Control do son, ataques e cesamentos de son.
- Articulacións combinadas, dixital e de fol.
- Estudo da independencia dos dedos.
- Estudo a dúas voces, e diferenciación de melodía e acompañamento.
- Estudo do fol: posibilidades e efectos, regularidade dinámica, acentos, emprego da respiración, comezo ao rícochet.
- Dixitación de pequenos fragmentos.
- Adestramento da memoria.
- Comprensión das formas estruturais.
- Selección progresiva no que fai ao grao de dificultade.
- Práctica de lectura a primeira vista
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Práctica de conxunto.

Metodoloxía:

- Proseguirase coa vixilancia da postura e posición do instrumento, correxindo en todo o posible, os defectos que o alumno arrastre dos cursos anteriores, inculcándolle en todo momento a importancia da relaxación corporal e mental para a interpretación.
- Depurarase o tratamento técnico establecido nos niveis anteriores, proseguindo o estudo de escalas, arpexios e diversos mecanismos técnicos apropiados ao nivel e para as dúas mans. Se pretende con isto adquirir recursos técnicos suficientes para unha boa interpretación.
- Faranse coñecer e comprender os rexistros primarios e os seus combinados mediante a sutileza auditiva de discriminar as oitavas correspondentes a cada lingüeta.
- Traballarase na comprensión dos ritmos e as diferencias entre os diferentes estilos vistos ata agora.
- Seguirase afianzando a calidade do son, facendo fincapé sobre a musculación e flexibilidade do brazo esquerdo, e a coordinación manual.
- Mediante a comprensión da obra, analizándoa a partir dos seus respectivos fragmentos, frases, períodos, a asimilación da tonalidade e a harmonía funcional practicarase a memoria
- Fomentarase o hábito de escoitar o instrumento en audición, concertos e

gravacións de audio e vídeo como medio para desenvolver a capacidade auditiva e escoitar calidades propias do son do acordeón.

- Fomentárase o traballo de conxunto formándose diferentes agrupacións co fin de potenciar a relación afectiva do alumno cos seus compañeiros e coa propia música, sendo estímulo para o desenvolvemento potencial do instrumento.

Secuenciación:

- Prevese que os obxectivos e contados se completen ao longo dun curso escolar repartindo a materia proporcionalmente, en tres períodos de seguimento trimestral.

- No primeiro trimestre repasarase todo o concernente ás técnicas básicas da aprendizaxe do instrumento facendo sempre fincapé na colocación e posición do instrumentista, de forma natural e sinxela, controlando e caracterizando en todo momento as tensións que poidan producirse en prexuízo da arte musical.

Consolidarase a acción do brazo esquerdo en beneficio da frase musical, e a coordinación de ambas manuais. Prepararase un repertorio acorde ao alumno, estudándose un mínimo de tres obras, intentando que polo menos unha delas sexa orixinal de acordeón, abarcando por suposto outras de gran interese musical.

Participación na práctica do conxunto.

- Para o segundo trimestre, abordarase todo o elemental, básico e funcional para o estudo progresivo do acordeón cos parámetros de articulación, pulsación, fraseo, dinámica,... Traballarase obras axeitadas ao nivel, de varias partes e diferentes estilos. Práctica de conxunto.

- O terceiro trimestre é a última etapa a completar para estar en posesión dos coñecementos elementais do instrumento. Solventarase as lagoas e deficiencias adquiridas polos alumnos, arrastradas durante os cursos pasados. Formalizarase un repertorio básico e musical adecuado ao final do grao elemental. Práctica de conxunto.

- Ao longo do curso desenvólense audicións, asistencia a concertos, proxección de vídeos, discografía varia e incluso audiovisuais de carácter bibliográfico e histórico do acordeón. (Organoloxía, compositores, literatura para o instrumento orixinal clásica e de variedades...).

Criterios de Avaliación:

- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- A Interpretación de memoria e diante do público como solista obras

representativas do seu nivel.

- A fluidez de lectura a vista e a súa comprensión estrutural.
- Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.

Criterios de cuantificación e calibración

-Criterios técnicos:

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno etc...**40%**.

-Criterios estéticos:

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación..etc... **40 %**.

-Criterios actitudinais:

Actitude, interese, comportamento...etc.. **20%**.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

Repertorio Orientativo 4º Curso:

· Métodos:

Polyphones spielbuch (vol 3) Horst-Hesse

Técnica del acordeón (vol.2 F. Lacroix

Léxico de los símbolos (vol.3) F. Lacroix

Ejercicios cromáticos Editorial Hohner

· Obras:

Top-Boogie R. Bui

Tema y 4 variaciones J. C. Cárcamo

Ustegabe I. Larrañaga

Czardas W. Rüegger

Baratzko pituak G. Hermosa

Danza rusa F. Klepikoff

Playing tag U. Jutila

Moving E. Lofbren.

Kleigkeiten C. Mahr

Swing thing P. Hughes

Modern mood P. Hughes

Izurrai G. Hermosa

Jazz'n melody Rubinstein

Movin E. Lofgren
3. Moderato G. Kneip
Charlo s´amuse A. Astier
Gypsy rondo E. Lofgren
Die tiere meins freundes H. Reinbothe
Danza picena G. Marcosignori
Sleepyhead U. Jutila
Asfalto B. Clais
Bulgariche impresión K. Schwaen
Tanzeriche miniatur G. Lampe
Pantomime F. Lebrun
Suite para niños nº 5 B. Precz
Federzeichnungen W. Richter
2. Satz aus suite für akkordeon H. Reinbothe
Top-booie R. Bui
Sherman bounce E. Lofgren
Ametsgaiztoa G.Hermosa
Idiarena G.Hermosa
Fragile G.Hermosa
Ametsa G.Hermosa
Study ín studio F A. Van Damm
Eight ball P.Hughes
Irish washerwoman G. Lofgren
Kovelahden masurkka M. Rantanen
Fredag den 13 A. Johansen
Suite para niños nº 2 W. Semionov

Mínimos esixibles.

15 estudos e 6 obras das programadas no curso.

Procedementos de avaliación

Nos Graos elemental e profesional, os profesores evalúan aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e

actitude.

Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación:

Avaliación puntual. O profesor poderá realizar exámes mensuais, trimestrais ou con calquera outra periodicidade como ferramenta de avaliación. Se valorará o rendemento do alumno así como a calidade e cantidade de traballo presentada.

Audicions. O profesor valorará o comportamento do alumno nas audicions ou concertos programados polo departamento.

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenrolo da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva, para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais.

Consedéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas, as inferiores a 5.

Perda da avaliación continua

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e polo tanto a asistencia regular ás clases.

A comisión de coordinación pedagóxica acordou que o número máximo de faltas sen xustificar serán de catro clases na asignatura de acordeón, que levará á perda do dereito a avaliación continua.

Os alumnos que perdan dito dereito, terán que someterse a un exame, ao que será convocado polo profesor. Consistira nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

O alumno deberá interpretar o programa esixido dende o momento no que perdeu o dereito a avaliación continua.

Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.

No caso de que o alumno non tocara en público o número de veces esixidos na programación, o fará diante de quen o profesor estime oportuno.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre non superado.

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias de setembro.

Probas extraordinarias de setembro

A proba extraordinaria de setembro consistirá:

Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxetivos programados no curso.

Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran para os tres trimestres do curso correspondente. (Consultar programación)

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

INTRODUCCIÓN Ó GRAO PROFESIONAL

Para o estudo do acordeón, é imprescindible dispoñer dun instrumento de calidade, adecuado á anatomía do alumno (acordeón de ordenanzas). É obrigatorio un acordeón convertible, é dicir, con planta solto ou basetti xunto con baixos padrón na botonera esquerda.

O estudo na casa é fundamental para o avance sobre o programa do curso.

Aconséllase unha hora e media de estudo diario como mínimo ao iniciar el grado medio para chegar aos catro horas diarias no terceiro ciclo. A actitude durante o período de traballo fóra do conservatorio deberá ser esixente cun mesmo e seguindo as indicacións dadas polo profesor en clase.

Convén coidar con mimo o acordeón seguindo as instrucións do fabricante.

GRAO PROFESIONAL

Obxectivos:

- Aplicar de forma autónoma os distintos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación, digitación, registración, articulación...
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Demostrar un control sobre o fol de xeito que garántase unha axeitada calidade sonora, a consecución dos deferentes efectos propios do instrumento requiridos

en cada obra.

- Interpretar un repertorio de solista e de cámara incluíndo obras representativas da literatura acordeonística de diferentes compositores, estilos e linguaxes.

GRAO PROFESIONAL

Acordeón 1º Curso

Obxectivos:

- Demostrar un control sobre o fol de xeito que garántase unha axeitada calidade sonora.
- Interpretar un repertorio acordeonístico representativo, abarcando os diferentes estilos.
- Aplicar de forma autónoma os distintos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación, digitación, registración, articulación...
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Contidos:

- Desenvolvemento da formación técnico-intepretativo en función do repertorio.
- Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dos dedos.
- Formación da técnica do fol como medio para conseguir calidade de son.
- Coñecemento dos efectos posibles articulados polo fol: Bellows Shake, Ricochet.
- Profundización no estudo da articulación e acentuación.
- Profundización no estudo da dinámica e da registración.
- Iniciación á interpretación contemporánea e orixinal para o instrumento ampliando coñecementos sobre novas grafías e efectos propios do instrumento.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Elección da dixitación, fraseo, articulación e de matices dinámicos en obras onde non figuren tales.
- Practica a primeira vista.
- Audicións e comentarios sobre súas cacterísticas principais.
- Práctica de conxunto.
- Estudo do repertorio adecuado a este nivel.

Metodoloxía:

- Proseguirase coa vixancia da postura e posición do instrumento, corrixindo en todo o posible os defectos que o alumno arrastre durante a etapa elemental,

infundiendo en todo momento a importancia da relaxación corporal e mental diante dunha interpretación rigorosa e musical.

- Traballarase con máis exactitude as digitaciones e as articulacións de fraseo, tratadas na marxe da interpretación.
- Mellorarase o tratamento técnico establecido durante a aprendizaxe elemental axudado por variados estudos progresivos, escalas, arpejos, adquiríndose así os diferentes e variados recursos técnicos, propios en si do acto interpretativo.
- Faranse coñecer assimilar e comprender os rexistros primarios e as súas combinacións (das dúas caixas harmónicas). Aos coñecidos se incrementará os rexistros do Bandoneón e o Mussette principalmente, baixo o método desenvolvido durante o grao elemental baseándose na sutileza auditiva de discriminar as oitavas correspondentes a cada lingüeta activa. Coñecemento dos rexistros e voces das planta soltos ou sistema cromático baste.
- Traballarase na comprensión dos ritmos e as diferencias entre os diferentes estilos vistos ata agora, engadindo en correspondencia á evolución do alumno.
- Mediante a comprensión da obra, analizándoa a partir dos seus respectivos fragmentos, frases rítmicas e melódicas, períodos, a asimilación da tonalidade e a harmonía funcional fomentárase e desenvolverá a memoria.
- Traballarase o estudo dinámico e agóxico principalmente o que vaia aparecendo no transcurso da obra musical , baixo a súa comprensión e control máis minucioso, achegándose en todo o posible ao contexto musical.
- Traballarase a articulación de fol con máis ímpetu que en cursos pasados, mediante os Bellows Shake e as diferentes acentuacións que son posibles de realizar de forma máis ou menos natural , estas son as producidas cada dous, tres e catro. Tamén con algunha que outra combinación de pulsación. Traballándose sobre todo cos parámetros técnicos expostos durante o transcurso do grao elemental.
- Fomentárase o hábito de escoita do instrumento en audicións, concertos e gravacións de audio e vídeo como medio para desenvolver a capacidade auditiva e escoitar calidades propias do son do acordeón.
- Fomentárase o traballo de conxunto formándose diferentes agrupacións co fin de potenciar a relación afectiva do alumno cos seus compañeiros e coa propia música, sendo estímulo para o desenvolvemento potencial do instrumento.

Secuenciación:

- Prevese que os obxectivos e contidos complétense ao longo dun curso escolar repartindo a materia proporcionalmente e en función da evolución do alumnado, en tres períodos de seguimento trimestral.
- No primeiro trimestre repasarase todo o concernente ás técnicas básicas da aprendizaxe do instrumento facendo sempre fincapé na colocación e posición do intérprete diante do instrumento, da súa calidade sonora e da súa execución limpa e clara. Consolidaranse con máis firmeza todas as accións que aturan unha interpretación exhaustiva e rigorosa, controlando os movementos de dedos, mans e brazo principalmente. Prepararase un repertorio acorde ao alumno, incrementándolle o seu grao de dificultade a medida que vai evolucionando coa aprendizaxe do instrumento, estudaranse un mínimo de tres obras de diversos estilos, barroco, popular e moderno, incluíndo obras orixinais do acordeón. Prepararase as clases de conxunto con polo unha obra con plena participación e colaboración de todos as súas compoñentes. Realizarase unha audición por parte de todo o alumnado.
